# CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL

XUNTA DE GALICIA

DOCUMENTO
FICHAS

11 ORTIGUEIRA
CÓDIGO CONCELLO




Escala: 1:106.000



## 11 ORTIGUEIRA

CÓDIGO CONCELLO

| Código | NOME |
|---|---|
| 11_001 | MUIÑO DE VENTO EN PICÓN |
| 11_002 | HÓRREO EN CASÁS |
| 11_003 | OS CASTELOS |
| 11_004 | CASA DA VELA |
| 11_005 | CASTRO DE PUNTA DOS PRADOS |
| 11_006 | SALGADURA CANTONAL |
| 11_007 | SALGADURA DE PIÑEIRO |
| 11_008 | SALGADURA BARQUIÑAS |
| 11_009 | SALGADURA DE ESPASANTE |
| 11_010 | XACEMENTO DE PRAIA DA FOLGOSA |
| 11_011 | CASTRO DE PUNTA DO TALLO |
| 11_012 | CONVENTO DE SAN VICENTE |
| 11_013 | PONTE NOVA NO BALEO |
| 11_014 | PONTE VELLA |
| 11_015 | CÁRCERE MUNICIPAL |
| 11_016 | MATADOIRO VELLO |
| 11_017 | CASA EN LAGAREA |
| 11_018 | PONTE DE LAGAREA |
| 11_019 | ESCOLA DE CUIÑA |
| 11_020 | CASA DO MUIÑO |
| 11_022 | OS CASTROS DE PUNTA FORNELOS |
| 11_026 | A VOLTA DOS CASTROS |
| 11_027 | CASTRO DE MERA |
| 11_028 | CASTRO DE PUNTA MOURAMA |
| 11_029 | CEMITERIO DE ORTIGUEIRA |
| 11_032 | EUCALIPTO DE LAGAREA |
| 11_033 | CASA DA VELA |

XUNTA
DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO
PLANEAMENTO

FICHA

ETNOLÓXICO — MUIÑOS DE VENTO
TIPO — SUBTIPO

MUÍÑO DE VENTO
ELEMENTO

INTEGRAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

MOI DEFICIENTE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

AGROPECUARIO
GLOBAL

PRODUTIVO
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Ampliación solo en planta, Reconstrución excepcional.

AUTORIZABLES

Cómpre salientar a tipoloxía singular de muíño de vento mariñeiro, o seu valor etnolóxico e a función agroprodutiva orixinaria. É impoprtante protexer a entrada dos ventos para garantir o seu funcionamento e a lectura histórica.

POSTA EN VALOR

11_001
CÓDIGO INVENTARIO

## LOCALIZACIÓN

A CORUÑA
PROVINCIA

RÍAS ALTAS
COMARCA COSTEIRA

ORTIGUEIRA
CONCELLO

COSTA DE BARES E PICÓN
SECTOR COSTEIRO

COSTA DE PICÓN
UNIDADE DE PAISAXE

LOIBA (SAN XULIÁN)
PARROQUIA

PICÓN, O
NÚCLEO / LUGAR

15062A00200309
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 601353,38 — Y: 4844225,48
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

O muíño de vento é unha edificación etnolóxica de finais do século XIX (ca. 1880), de planta circular, executada en cachotaría de lousa e morteiro de cal, coa cuberta orixinariamente móbil para orientar as aspas. A súa función produtiva consistía na moenda de trigo e millo mediante dúas pedras de diferente granulometría. O inmoble conserva unicamente parte do corpo principal, con muros de elevada espesura que evidencian tanto a robustez estrutural coma o deterioro acumulado pola acción do tempo e da atmosfera mariña. Os ocos exteriores, de reducidas dimensións, cumprían funcións de ventilación e iluminación, ademais de ofrecer control visual sobre a contorna litoral. O grao de conservación é moi deficiente, precisando intervencións urxentes de consolidación e rehabilitación patrimonial.

DESCRIPCIÓN

Edificación circular de mampostería de lousa con restos de ocos e soporte de cuberta móbil. A fábrica presenta perda volumétrica, desprendementos que comprometen a estabilidade estrutural e a súa lectura tipolóxica.

EDIFICACIÓN

Parcela rústica en ladeira suave orientada ao mar, sen usos agropecuarios actuais. Mantén vexetación espontánea de matogueira e herbáceas, co acceso rodado próximo. O emprazamento garante ampla visibilidade e dominio paisaxístico.

PARCELA

Entorno litoral aberto, sobre a Costa de Bares, caracterizado pola presenza de cantís, praias e formacións rochosas. A paisaxe costeira, de alto valor ambiental, está definida pola interacción entre mar e vento.

ENTORNO

Destaca como testemuño da arquitectura popular vinculada á enerxía eólica preindustrial, representativo do patrimonio. A súa situación en miradoiro natural engade valor paisaxístico, ambiental e histórico-cultural.

VALORES

# MUIÑO DE VENTO EN PICÓN

DENOMINACIÓN



## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



IMAXES





XUNTA DE GALICIA

# 11_002
CÓDIGO INVENTARIO

# HÓRREO EN CASÁS
DENOMINACIÓN

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BIC XENÉRICO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

PLAN BÁSICO AUTONÓMICO
PLANEAMENTO

FICHA

ETNOLÓXICO — HÓRREO
TIPO — SUBTIPO

HÓRREO
ELEMENTO

INTEGRAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

DEFICIENTE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

AGROPECUARIO
GLOBAL

ALMACENAXE
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Ampliación solo en planta, Reconstrución excepcional.

AUTORIZABLES

Cómpre salientar a fábrica pétrea e o sistema de ventilación por ocos seriados; é importante protexer a entrada dos ventos para garantir a adecuada aireación do gran e preservar a súa funcionalidade etnolóxica tradicional.

POSTA EN VALOR

## LOCALIZACIÓN

A CORUÑA
PROVINCIA

RÍAS ALTAS
COMARCA COSTEIRA

ORTIGUEIRA
CONCELLO

COSTA DE BARES E PICÓN
SECTOR COSTEIRO

COSTA DE PICÓN
UNIDADE DE PAISAXE

LOIBA (SAN XULIÁN)
PARROQUIA

PICÓN, O
NÚCLEO / LUGAR

000701900PJ04C
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 601353,99 — Y: 4844185,79
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

A construción, de planta rectangular e elevada sobre muros de cachotería en lousa, presenta cámara ventilada resolta mediante ocos verticais dispostos en fiadas rítmicas, favorecendo a aireación do gran. A cuberta, a dúas augas, executase en lousa, con beirado pronunciado que garante a protección da fábrica. O sistema construtivo reflicte técnicas vernáculas baseadas no aproveitamento de materiais locais, fundamentalmente lousa e pedra de cantaría. O seu estado de conservación é deficiente, con perda parcial de material de xunta e disgregación superficial, mais conserva a integridade tipolóxica. Constitúe un ben etnolóxico singular, representativo da arquitectura popular vinculada á economía agropecuaria da zona, inserido nunha contorna rural de elevado valor patrimonial.

DESCRICIÓN

Hórreo pétreo de planta rectangular, con muros de lousa e cuberta a dúas augas. Destaca pola súa cámara ventilada con ocos rítmicos verticais. Conserva a tipoloxía tradicional aínda que presenta deterioros estruturais visibles.

EDIFICACIÓN

A parcela na que se sitúa é de reducida dimensión, ocupando unha marxe do viario local. Presenta carácter agrícola e relación directa co tecido rural. Destaca como fito visual dentro dun entorno de edificacións dispersas.

PARCELA

O hórreo intégrase no núcleo de O Picón, pertencente a Ortigueira, dentro da unidade de paisaxe da Costa de Picón. A súa implantación contribúe á identidade rural.

ENTORNO

Valor singular radica na súa execución integramente en pedra. Constitúe testemuño da economía agrícola, da identidade comunitaria e da pervivencia das técnicas construtivas locais.

VALORES



## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



IMAXES



XUNTA DE GALICIA

**CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL**



# 11_003
CÓDIGO INVENTARIO

# OS CASTELOS
DENOMINACIÓN

## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

SITIO ARQUEOLÓXICO
CATEGORÍA

NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO
PLANEAMENTO

GA15061029
FICHA

XACEMENTO ARQUEOLÓXICO — XACEMENTO ARQUEOLÓXICO
TIPO — SUBTIPO

CASTRO
ELEMENTO

GRAO II.1 / GRAO II.2
NIVEL DE PROTECCIÓN

ALTERADO
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

AGROPECUARIO
GLOBAL

PRODUTIVO
DETALLADO

## DELIMITACIÓN DO BEN

Con carácter xeral, tan só se permitirán actuacións encamiñadas á conservación, protección, consolidación, e investigación dos bens, con autorización previa da administración competente en materia de patrimonio cultural.

CONTORNO DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse á avaliación do seu impacto arqueolóxico e paisaxístico.

CONTORNO DE PROTECCIÓN

## LOCALIZACIÓN

A CORUÑA
PROVINCIA

RÍAS ALTAS
COMARCA COSTEIRA

ORTIGUEIRA
CONCELLO

RÍA DE ORTIGUEIRA
SECTOR COSTEIRO

MAZORGÁN
UNIDADE DE PAISAXE

CÉLTIGOS (SAN XULIÁN)
PARROQUIA

VIMBIEIRO, O
NÚCLEO / LUGAR

15062A01001913
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 597013,29 — Y: 4842045,41
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Asentamento fortificado costeiro da Idade do Ferro composto por un único recinto de trazado irregular. Sitúase nunha punta costeira rochosa na marxe occidental da Ría de Ortigueira. O sistema defensivo está constituído por murallas e dous fosos escavados, aproveitando a defensa natural do cantil nos lados N, O e S, mentres que ao E se documentan liñas murarias e fosos. A erosión mariña provocou o desmembramento parcial da punta, deixando visibles restos de paramentos no extremo norte da península e no lado leste do promontorio separado. Presenta alteración significativa asociada a procesos erosivos activos. Código GA15061029, con nivel de protección Grao II.1 / Grao II.2.

DESCRIPCIÓN

Apréciase restos de murallas e fosos asociados ao recinto fortificado, parcialmente visibles e afectados pola erosión mariña.

EDIFICACIÓN

Ámbito situado nunha punta costeira rochosa, delimitada por cantís naturais e vinculada a terreos interiores incultos.

PARCELA

Localízase na liña de costa occidental da Ría de Ortigueira, nun contexto de vexetación dunar e terras de cultivo cara ao interior. O emprazamento presenta elevada exposición marítima e clara relación visual coa ría.

ENTORNO

Constitúe un castro costeiro da Idade do Ferro, representativo do poboamento litoral da ría de Ortigueira. Posúe valor histórico derivado da súa morfoloxía defensiva e do seu emprazamento estratéxico.

VALORES




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



HIPSOMÉTRICO — Escala: 1:2.000



XUNTA DE GALICIA

11_004
CÓDIGO INVENTARIO

# CASA DA VELA
DENOMINACIÓN

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## LOCALIZACIÓN

A CORUÑA
PROVINCIA

RÍAS ALTAS
COMARCA COSTEIRA

ORTIGUEIRA
CONCELLO

RÍA DE ORTIGUEIRA
SECTOR COSTEIRO

CASTRO DE ESPASANTE
UNIDADE DE PAISAXE

ESPASANTE (SAN XOÁN)
PARROQUIA

O PORTO DE ESPASANTE
NÚCLEO / LUGAR

15062A01000112
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 595846,00 Y: 4842098,00
COORDENADAS U.T.M. Huso 29N ETRS89




## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO
PLANEAMENTO

FICHA

ARQUITECTÓNICO — DEFENSIVO
TIPO — SUBTIPO

ESTRUTURAS DEFENSIVAS
ELEMENTO

ESTRUTURAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

ACEPTABLE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

DOTACIONAL
GLOBAL

EQ SOCIAL-CULTURAL
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación parcial, puntual, Ampliación planta e altura, Reconstrución excepcional.

AUTORIZABLES

Debe resaltarse a súa función histórica de vixilancia costeira, a singular integración paisaxística e o carácter de fito territorial. A autenticidade material e construtiva, así como o valor ambiental.

POSTA EN VALOR

## INVENTARIO

Edificación defensiva do s. XVIII destinada á vixilancia costeira e á sinalización marítima. Presenta planta rectangular, muros de cachotería en pedra lousa e granito, reforzados en esquinas e ocos con cantería. A cuberta é de bóveda de canón en pedra, actualmente recuberta de vexetación natural, que lle confire integración paisaxística e protección parcial. As fiestras estreitas, dispostas como seteiras, cumprían función defensiva e de control visual do horizonte marítimo. O pavimento interior, tamén pétreo, conserva a súa rusticidade orixinal. O conxunto asèntase nunha explanada lousada, que funciona como miradoiro natural sobre a ría de Ortigueira, reforzando o seu carácter estratéxico, paisaxístico e patrimonial.
Considerado tamén Ben Arqueolóxico polo que dispón de ficha diferenciada.

DESCRIPCIÓN

A garita é unha construción de planta rectangular, en cachotería de lousa con reforzos graníticos, cuberta por bóveda pétrea. Pequenos vans funcionaban como seteiras de control marítimo.

EDIFICACIÓN

A parcela sitúase en posición dominante sobre o mar, con explanada empedrada e muretes perimetrais. Constitúe un miradoiro estratéxico de gran valor visual, a vexetación espontánea reforza a integración paisaxística do ben.

PARCELA

Contorno cunha paisaxe costeira de gran singularidade, dominada por cantís, pradeiras e vexetación atlántica. A posición elevada garante ampla visibilidade marítima, reforzando a función orixinal da garita como atalaia.

ENTORNO

Valor arquitectónico e patrimonial, destaca pola súa integración harmónica na paisaxe costeira e pola testemuña histórica da defensa marítima. Constitúe un fito territorial, exemplo da arquitectura funcional do século XVIII.

VALORES

## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



IMAXES



XUNTA
DE GALICIA

# 11_005

CÓDIGO INVENTARIO

# CASTRO DE PUNTA DOS PRADOS

DENOMINACIÓN

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

SITIO ARQUEOLÓXICO
CATEGORÍA

NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO
PLANEAMIENTO

GA15061002
FICHA

XACEMENTO ARQUEOLÓXICO — XACEMENTO ARQUEOLÓXICO
TIPO — SUBTIPO

CASTRO
ELEMENTO

GRAO II.1 / GRAO II.2
NIVEL DE PROTECCIÓN

ALTERADO
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

AGROPECUARIO
GLOBAL

PRODUTIVO
DETALLADO

## DELIMITACIÓN DO BEN

Con carácter xeral, tan só se permitirán actuacións encamiñadas á conservación, protección, consolidación, e investigación dos bens, con autorización previa da administración competente en materia de patrimonio cultural.

CONTORNO DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse á avaliación do seu impacto arqueolóxico e paisaxístico.

CONTORNO DE PROTECCIÓN

## LOCALIZACIÓN

A CORUÑA
PROVINCIA

RÍAS ALTAS
COMARCA COSTEIRA

ORTIGUEIRA
CONCELLO

RÍA DE ORTIGUEIRA
SECTOR COSTEIRO

CASTRO DE ESPASANTE
UNIDADE DE PAISAXE

ESPASANTE (SAN XOÁN)
PARROQUIA

PORTO DE ESPASANTE, O
NÚCLEO / LUGAR

15062A01000017
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 595637,19 — Y: 4841848,51
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Asentamento fortificado costeiro da Idade do Ferro. Presenta planta ovalada, duns 80 x 70 m, estruturada en dous recintos concéntricos implantados nun saínte litoral rodeado de cantís que actúan como defensa natural. O sistema complétase con dous parapetos e, polo menos, un foso actualmente colmatado, identificándose indicios dunha posible entrada no parapeto exterior. As estruturas están executadas en cachotaría de pedra local colocada en seco. O estado de conservación é alterado, con procesos de colmatación e erosión superficial.

DESCRIPCIÓN

Consérvanse estruturas defensivas en cachotaría de pedra local, correspondentes a parapetos e restos murarios asociados aos dous recintos.

EDIFICACIÓN

Sitúase un saínte costeiro delimitado por cantís naturais, de configuración adaptada á topografía.

PARCELA

Emprazamento litoral con ampla visibilidade sobre Porto de Espasante e a enseada, integrado nunha contorna de praderías e matogueira. A proximidade do núcleo urbano establece relación visual directa co xacemento.

ENTORNO

Representa un exemplo de asentamento fortificado costeiro da Idade do Ferro na Ría de Ortigueira; salientable pola súa configuración e pola adaptación defensiva ao relevo acantilado.

VALORES



## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



HIPSOMÉTRICO — Escala: 1:2.000



XUNTA DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



11_006
CÓDIGO INVENTARIO

# SALGADURA CANTONAL
DENOMINACIÓN

## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

INVENTARIO XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL
PLANEAMIENTO

FICHA

INDUSTRIAL — CONSERVEIRA
TIPO — SUBTIPO

SALGADEIRA
ELEMENTO

AMBIENTAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

MOI DEFICIENTE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

INDUSTRIAL
GLOBAL

PRODUTIVO
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación, Ampliación.

AUTORIZABLES

Debe valorizarse o carácter industrial ligado á salgadura, a súa implantación paisaxística litoral e o testemuño histórico da actividade produtiva costeira. É clave a integración do inmoble na memoria colectiva.

POSTA EN VALOR

## LOCALIZACIÓN

A CORUÑA
PROVINCIA

RÍAS ALTAS
COMARCA COSTEIRA

ORTIGUEIRA
CONCELLO

RÍA DE ORTIGUEIRA
SECTOR COSTEIRO

ESPASANTE
UNIDADE DE PAISAXE

ESPASANTE (SAN XOÁN)
PARROQUIA

PRAIA DA CONCHA
NÚCLEO / LUGAR

000700300NJ94B
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 595876,00 — Y: 4841779,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

A antiga fábrica de salgadura situada na Praia da Concha, constitúe un exemplo significativo do patrimonio industrial costeiro de finais do século XIX, asociado á actividade conserveira mariña. O inmoble, hoxe en estado moi deficiente, conserva parte dos seus muros perimetrais de cachotaría e formigón, evidenciando solucións construtivas mixtas propias de arquitecturas utilitarias da época. A ausencia de cuberta, a proliferación de vexetación invasiva e as patoloxías estruturais visibles, como fendas e desprendementos, testemuñan o abandono prolongado. Localízase nunha parcela de carácter rústico vinculada ao dominio público marítimo-terrestre, cunha posición privilexiada sobre a ría de Ortigueira, conformando unha preexistencia de valor paisaxístico e histórico.

DESCRIPCIÓN

Construción industrial en ruína, con muros de cachotaría e formigón, sen cuberta, con deterioros estruturais graves. Representa testemuño da arquitectura produtiva ligada á salgadura mariña de finais do século XIX.

EDIFICACIÓN

A parcela, de carácter rústico, atópase parcialmente cuberta de vexetación espontánea. O enclave sitúase en contacto directo coa praia da Concha, xerando un marco paisaxístico destacado.

PARCELA

O entorno corresponde á ría de Ortigueira, cunha contorna natural de gran valor ambiental. A paisaxe costeira, con áreas de cultivo e masas arbóreas, reforza o carácter identitario do lugar e a súa relevancia patrimonial.

ENTORNO

O inmoble destaca polo seu valor histórico-industrial, testemuño dun pasado vinculado á economía mariñeira. A súa situación privilexiada e a integración paisaxística outórganlle relevancia como elemento cultural.

VALORES



## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



IMAXES



XUNTA DE GALICIA

11_007
CÓDIGO INVENTARIO

# SALGADURA DE PIÑEIRO
DENOMINACIÓN

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

INVENTARIO XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL
PLANEAMENTO

FICHA

INDUSTRIAL — CONSERVEIRA
TIPO — SUBTIPO

FÁBRICA DE SALGADURA
ELEMENTO

AMBIENTAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

MOI DEFICIENTE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

INDUSTRIAL
GLOBAL

PRODUTIVO
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación, Ampliación.

AUTORIZABLES

Cómpre salientar a autenticidade da tipoloxía industrial, o vínculo coa tradición mariñeira, a memoria colectiva da comunidade, a integración paisaxística coa ría e o potencial didáctico da cultura produtiva costeira.

POSTA EN VALOR

## LOCALIZACIÓN

A CORUÑA
PROVINCIA

RÍAS ALTAS
COMARCA COSTEIRA

ORTIGUEIRA
CONCELLO

RÍA DE ORTIGUEIRA
SECTOR COSTEIRO

ESPASANTE
UNIDADE DE PAISAXE

ESPASANTE (SAN XOÁN)
PARROQUIA

PRAIA DA CONCHA
NÚCLEO / LUGAR

6119612NJ9461N
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 595977,00 — Y: 4841674,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Construída a finais do século XIX, vinculouse á intensa actividade conserveira e pesqueira que caracterizou a comarca das Rías Altas. A súa tipoloxía responde a unha edificación de carácter funcional, con muros de cachotaría e formigón, ocos sinxelos e unha volumetría adaptada á topografía litoral. Actualmente atópase en estado moi deficiente, sen cuberta e cunha notable perda de elementos estruturais, malia manter a súa lectura volumétrica orixinal. A parcela presenta unha integración directa co contorno mariño, cun camiño paralelo á fachada principal. A súa relevancia patrimonial radica na memoria produtiva e industrial, no valor etnográfico ligado á cultura mariñeira e no seu papel como referente identitario dun sector esencial da economía tradicional da zona.

DESCRIPCIÓN

A edificación presenta muros de formigón e cachotaría, sen cuberta e con ocos cegados. A volumetría aínda é recoñecible, mais a perda estrutural é acusada, situándoa nun grao de conservación moi deficiente.

EDIFICACIÓN

A parcela está integrada na franxa litoral, en contacto directo coa Praia da Concha. O chan, acolle unha cuberta vexetal espontánea que invade parcialmente os muros, condicionando a conservación da estrutura existente.

PARCELA

O entorno natural, inserido na unidade de paisaxe de Espasante, combina valores ambientais e culturais. A proximidade ao mar e ás rutas de tránsito local confírelle interese paisaxístico e patrimonial.

ENTORNO

O inmoble destaca polo seu testemuño da industria salgadeira galega de finais do XIX, pola integración paisaxística e polo valor etnográfico asociado á memoria mariñeira.

VALORES



## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



IMAXES





XUNTA DE GALICIA

# 11_008

CÓDIGO INVENTARIO

# SALGADURA BARQUIÑAS

DENOMINACIÓN

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

INVENTARIO XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL
PLANEAMENTO

FICHA

INDUSTRIAL — CONSERVEIRA
TIPO — SUBTIPO

FÁBRICA DE SALGADURA
ELEMENTO

AMBIENTAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

MOI DEFICIENTE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

INDUSTRIAL
GLOBAL

PRODUTIVO
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación, Ampliación

AUTORIZABLES

Debe poñerse en valor a súa identidade como fábrica de salgadura, a relación coa paisaxe mariña, a memoria da actividade produtiva tradicional, garantindo a conservación estrutural e a súa integración ambiental.

POSTA EN VALOR

## LOCALIZACIÓN

A CORUÑA
PROVINCIA

RÍAS ALTAS
COMARCA COSTEIRA

ORTIGUEIRA
CONCELLO

RÍA DE ORTIGUEIRA
SECTOR COSTEIRO

ESPASANTE
UNIDADE DE PAISAXE

ESPASANTE (SAN XOÁN)
PARROQUIA

PRAIA DA CONCHA
NÚCLEO / LUGAR

15062A01002454
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 595941,00 — Y: 4841699,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

A antiga fábrica de salgadura da Praia da Concha, constitúe un exemplo significativo da arquitectura industrial costeira vinculada á transformación de produtos mariños. O inmoble, de tipoloxía fabril, atópase hoxe nun estado moi deficiente, presentando graves deterioros estruturais e funcionais que comprometen tanto a súa estabilidade coma a súa lectura arquitectónica. Os restos conservados, integrados parcialmente na vexetación e no areal próximo, evidencian a súa posición estratéxica nun ámbito litoral de forte valor paisaxístico. A parcela combina o carácter produtivo orixinario cunha integración forzada no medio natural, destacando a súa condición de vestixio cultural, reflexo dunha etapa esencial da economía mariñeira tradicional, carente de uso en proceso de desaparición progresiva.

DESCRIPCIÓN

Edificación fabril de carácter industrial, hoxe en estado de abandono e ruína, con perda funcional e estrutural significativa, mantén trazas do volume orixinal, erguida en contacto directo co litoral mariño.

EDIFICACIÓN

A parcela presenta integración parcial no areal e no sistema dunar, con forte presenza vexetal espontánea, condicionando tanto a percepción do ben como a súa conservación e dificultando a súa lectura volumétrica.

PARCELA

O entorno inmediato responde a unha paisaxe costeira de alto valor ambiental e cultural, integrada na unidade de paisaxe Espasante, con dominio do sistema mariño-terrestre, de forte carácter identitario da ría de Ortigueira.

ENTORNO

Destaca como testemuño representativo da actividade conserveira tradicional, vinculado á economía mariñeira, constituíndo un vestixio de arquitectura industrial costeira. Forte valor etnolóxico e paisaxístico.

VALORES



## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



IMAXES





XUNTA DE GALICIA

## 11_009
CÓDIGO INVENTARIO

# SALGADURA DE ESPASANTE
DENOMINACIÓN

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

INVENTARIO XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL
PLANEAMENTO

FICHA

INDUSTRIAL — CONSERVEIRA
TIPO — SUBTIPO

FÁBRICA DE SALGADURA
ELEMENTO

AMBIENTAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

MOI DEFICIENTE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

INDUSTRIAL
GLOBAL

PRODUTIVO
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Reestruturación, Ampliación.

AUTORIZABLES

Cómpre destacar a súa tipoloxía construtiva, que debe protexerse coa disposición de alturas e diferenciación dos volumes; a implantación estratéxica fronte ao porto e o valor ambiental como memoria industrial costeira.

POSTA EN VALOR

## LOCALIZACIÓN

A CORUÑA
PROVINCIA

RÍAS ALTAS
COMARCA COSTEIRA

ORTIGUEIRA
CONCELLO

RÍA DE ORTIGUEIRA
SECTOR COSTEIRO

ESPASANTE
UNIDADE DE PAISAXE

ESPASANTE (SAN XOÁN)
PARROQUIA

PORTO DE ESPASANTE, O
NÚCLEO / LUGAR

6117405NJ9461N
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 596021,00 — Y: 4841559,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

A antiga fábrica de salgadura situada no Porto de Espasante constitúe un conxunto industrial de finais do século XIX, hoxe en estado de ruína avanzada. As edificacións, de carácter funcional, presentan muros de cachotaría mesturada con fábricas de ladrillo e morteiros de cemento, amosando perdas significativas en cubertas, ocos e estrutura portante. A fachada cara ao paseo marítimo mantén vestixios de vans cegados e grafitos, acompañada dunha cuberta vexetal espontánea que denota abandono. No interior obsérvanse restos de particións e muros medianeiros parcialmente derrubados, sen cubrición. O valor patrimonial radica na súa condición de testemuño etnolóxico da actividade produtiva ligada á salgadura de peixe, esencial no desenvolvemento económico e social costeiro.

DESCRIPCIÓN

Conxunto fabril de finais do XIX, hoxe en ruína, con muros de cachotaría, morteiro e ladrillo. Carece de cuberta e presenta ocos cegados. A súa volumetría evidencia a orixe industrial e mantén valores etnolóxicos e patrimoniais.

EDIFICACIÓN

A parcela localízase no bordo urbano de Espasante, en contacto co paseo marítimo. Presenta parte de edificacións en ruína e terreos baldíos, delimitada por peches de fábrica e vexetación espontánea, cunha situación de abandono.

PARCELA

O entorno inmediato intégrase na unidade de paisaxe da Ría de Ortigueira, cun paseo lindeiro que conecta a área urbana coa fronte litoral. A súa posición permite unha relación directa co mar, reforzando o carácter patrimonial.

ENTORNO

O valor principal reside na súa condición de elemento etnolóxico que ilustra a memoria produtiva costeira. A súa relación co porto e co mar outórgalle un interese cultural, histórico e ambiental de notable singularidade.

VALORES




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000

IMAXES







XUNTA DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

SITIO ARQUEOLÓXICO
CATEGORÍA

NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO
PLANEAMENTO

GA15061003
FICHA

ZONA ARQUEOLÓXICA — ZONA ARQUEOLÓXICA
TIPO — SUBTIPO

FÁBRICA DE SALGADURA
ELEMENTO

GRAO III
NIVEL DE PROTECCIÓN

ALTERADO
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

RESIDENCIAL
GLOBAL

RESIDENCIAL UNIFAMILIAR
DETALLADO

## DELIMITACIÓN DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse coas cautelas arqueolóxicas que se consideren necesarias.

CONTORNO DO BEN

CONTORNO DE PROTECCIÓN

# 11_010
CÓDIGO INVENTARIO

## LOCALIZACIÓN

A CORUÑA
PROVINCIA

RÍAS ALTAS
COMARCA COSTEIRA

ORTIGUEIRA
CONCELLO

RÍA DE ORTIGUEIRA
SECTOR COSTEIRO

ESPASANTE
UNIDADE DE PAISAXE

ESPASANTE (SAN XOÁN)
PARROQUIA

PORTO DE ESPASANTE, O
NÚCLEO / LUGAR

6116506NJ9461N
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 596061,00 — Y: 4841397,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Posible fábrica de salgadura de época romana, vinculada á explotación mariña e transformación de produtos pesqueiros. A súa identificación baséase na documentación de F. Maciñera (a mediados do s. XX) que recolle a existencia de doce pias e abundante cerámica romana e tégulas, sen conservarse actualmente estruturas visibles debido á intensa urbanización do ámbito. O conxunto situábase en contorna litoral inmediata á praia, nun contexto costeiro favorable á actividade salineira. O estado de conservación é alterado, con perda de estratigrafía e ausencia de restos en superficie por transformacións antrópicas recentes.
Código GA15061003, con nivel de protección Grao III.

DESCRIPCIÓN

Non existen estruturas visibles en superficie, ao terse producido a desaparición dos restos asociados á posible fábrica de salgadura pola urbanización do ámbito litoral.

EDIFICACIÓN

Sitúase en ámbito litoral urbanizado, de xeometría adaptada á trama edificada e á liña de praia.

PARCELA

Entorno costeiro fortemente urbanizado, con vivendas unifamiliares, paseo peonil e infraestruturas viarias. A integración paisaxística coa praia mantense parcialmente, aínda que alterada pola edificación contemporánea.

ENTORNO

Interese arqueolóxico como testemuño de actividade industrial romana vinculada á transformación de recursos mariños, documentada mediante pias e materiais cerámicos, relevante para o coñecemento do litoral da Ría de Ortigueira.

VALORES

# XACEMENTO DE PRAIA DA FOLGOSA
DENOMINACIÓN




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



HIPSOMÉTRICO — Escala: 1:2.000



XUNTA DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



# 11_011
CÓDIGO INVENTARIO

# CASTRO DE PUNTA DO TALLO
DENOMINACIÓN

## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

SITIO ARQUEOLÓXICO
CATEGORÍA

NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLANEAMENTO
PLANEAMENTO

GA15061001
FICHA

XACEMENTO ARQUEOLÓXICO
TIPO

XACEMENTO ARQUEOLÓXICO
SUBTIPO

CASTRO
ELEMENTO

GRAO II.1 / GRAO II.2
NIVEL DE PROTECCIÓN

ALTERADO
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

FORESTAL
GLOBAL

PRODUTIVO
DETALLADO

## DELIMITACIÓN DO BEN

Con carácter xeral, tan só se permitirán actuacións encamiñadas á conservación, protección, consolidación, e investigación dos bens, con autorización previa da administración competente en materia de patrimonio cultural.

CONTORNO DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse á avaliación do seu impacto arqueolóxico e paisaxístico.

CONTORNO DE PROTECCIÓN

## LOCALIZACIÓN

A CORUÑA
PROVINCIA

RÍAS ALTAS
COMARCA COSTEIRA

ORTIGUEIRA
CONCELLO

RÍA DE ORTIGUEIRA
SECTOR COSTEIRO

CANTÍS DO PICOTO
UNIDADE DE PAISAXE

LADRIDO (SANTALLA)
PARROQUIA

CASTROS, OS
NÚCLEO / LUGAR

15062A01400001
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 594855,57 Y: 4840824,34
COORDENADAS U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

Asentamento fortificado da Idade do Ferro. Presenta planta circular duns 134 x 115 m, implantado nunha punta costeira da Ría de Ortigueira, defendida naturalmente polos cantís ao N e NE. O perímetro complétase con estruturas artificiais consistentes nun parapeto con trazado anguloso e foso profundo na zona de acceso polo SE. As defensas executáronse con pedra colocada en seco. O estado de conservación é alterado por erosión mariña no recinto central e pola repoboación forestal, que dificulta a lectura das estruturas.
Código GA15061001, con nivel de protección Grao II.1 / Grao II.2.

DESCRIPCIÓN

Consérvanse restos do parapeto e estruturas defensivas en pedra colocada en seco, configurando un único recinto de grandes dimensións adaptado á topografía costeira.

EDIFICACIÓN

Sitúase nunha punta costeira delimitada por cantís naturais ao N e NE. A xeometría adáptase ao relevo. O uso actual é forestal, con monte baixo e repoboación de piñeiros e eucaliptos.

PARCELA

Entorno litoral da Ría de Ortigueira, caracterizado por cantís e masas forestais de repoboación. Presenta elevada exposición visual ao mar e relación directa coa paisaxe costeira circundante.

ENTORNO

Exemplo representativo de castro costeiro de grandes dimensións na Ría de Ortigueira, con sistema defensivo adaptado á morfoloxía acantilada e evidencias materiais da Idade do Ferro.

VALORES




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



HIPSOMÉTRICO — Escala: 1:2.000



XUNTA DE GALICIA

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

SITIO ARQUEOLÓXICO
CATEGORÍA

PLAN BÁSICO AUTONÓMICO
PLANEAMENTO

RE15061015
FICHA

ZONA ARQUEOLÓXICA — ZONA ARQUEOLÓXICA
TIPO — SUBTIPO

MOSTEIRO
ELEMENTO

GRAO III
NIVEL DE PROTECCIÓN

ALTERADO
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

FORESTAL
GLOBAL

PRODUTIVO
DETALLADO

## DELIMITACIÓN DO BEN

As intervencións deberán contar coa autorización da administración competente, segundo o disposto nos artigos 39, 45 e 46 da LPCG. Estas poderán condicionarse coas cautelas arqueolóxicas que se consideren necesarias.

CONTORNO DO BEN

CONTORNO DE PROTECCIÓN

# 11_012
CÓDIGO INVENTARIO

## LOCALIZACIÓN

A CORUÑA
PROVINCIA

RÍAS ALTAS
COMARCA COSTEIRA

ORTIGUEIRA
CONCELLO

RÍA DE ORTIGUEIRA
SECTOR COSTEIRO

CANTÍS DO PICOTO
UNIDADE DE PAISAXE

LUAMA (SAN MARTIÑO)
PARROQUIA

ILLA DE SAN VICENTE
NÚCLEO / LUGAR

15062A08600001
REFERENCIA CATASTRAL

SERVIDUME
ZONA

X: 593842,00 — Y: 4840322,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

O denominado Convento de San Vicente identifícase como posible pequeno mosteiro insular, probablemente priorato beneditino segundo as referencias bibliográficas, con ocupación posterior por outras ordes até o seu abandono no século XVI. Non se conservan estruturas en alzado. Na fotografía aérea do voo americano apréciase unha posible planta rectangular duns 10 m de lado no centro da illa. Os materiais e técnicas son descoñecidos pola ausencia de restos visibles. O estado de conservación é alterado, sen evidencias superficiais e con potencial arqueolóxico soterrado.
Código RE15061015, con nivel de protección Grao III.

DESCRIPCIÓN

Non existen estruturas en alzado. Só se identifica en fotografía aérea unha posible traza rectangular duns 10 m de lado.

EDIFICACIÓN

Ámbito insular situado na boca da Ría de Ortigueira, de xeometría irregular adaptada á morfoloxía da illa. Uso actual de monte baixo e monte alto, sen edificacións asociadas.

PARCELA

Entorno litoral insular na desembocadura da ría, con cobertura de vexetación natural e ausencia de edificacións. Presenta forte integración paisaxística e ampla exposición visual ao medio mariño.

ENTORNO

Posúe interese histórico e arqueolóxico pola referencia documental á existencia dun pequeno mosteiro medieval insular, relevante para o estudo da ocupación relixiosa na Ría de Ortigueira.

VALORES

# CONVENTO DE SAN VICENTE
DENOMINACIÓN




## DELIMITACIÓN / CONTORNO DE PROTECCIÓN

Escala: 1:5.000

ORTOFOTOGRAFÍA PNOA 2023 — Escala: 1:2.000



HIPSOMÉTRICO — Escala: 1:2.000



XUNTA
DE GALICIA

# 11_013
CÓDIGO INVENTARIO

# PONTE NOVA NO BALEO
DENOMINACIÓN

## CATÁLOGO DE BENS DE VALOR CULTURAL NO LITORAL



## DATOS IDENTIFICATIVOS

BEN CATALOGADO
CLASIFICACIÓN

MONUMENTO
CATEGORÍA

PLAN BÁSICO AUTONÓMICO
PLANEAMENTO

FICHA

ARQUITECTÓNICO — CIVIL
TIPO — SUBTIPO

PONTE
ELEMENTO

INTEGRAL
NIVEL DE PROTECCIÓN

ACEPTABLE
GRADO DE CONSERVACIÓN

## USOS ORIXINAIS

DOTACIONAL
GLOBAL

INFRAESTRUTURAS COMUNICACIÓN
DETALLADO

## ACTUACIÓNS

Investigación, Valorización, Mantemento, Conservación, Consolidación, Restauración, Rehabilitación, Ampliación solo en planta, Reconstrución excepcional.

AUTORIZABLES

Debe priorizarse a conservación integral da fábrica orixinal, arcos e tallamares, mediante mantemento periódico, control da vexetación e restauración puntual compatible co seu nivel de protección.

POSTA EN VALOR

## LOCALIZACIÓN

A CORUÑA
PROVINCIA

RÍAS ALTAS
COMARCA COSTEIRA

ORTIGUEIRA
CONCELLO

RÍA DE ORTIGUEIRA
SECTOR COSTEIRO

RÍA DE LADRIDO
UNIDADE DE PAISAXE

O MOSTEIRO (SAN XOÁN)
PARROQUIA

PONTE DO BALEO, A
NÚCLEO / LUGAR

15062A07009503
REFERENCIA CATASTRAL

DOMINIO PÚBLICO MARITIMO TERRESTRE
ZONA

X: 596185,00 — Y: 4838659,00
COORDENADAS — U.T.M. Huso 29N ETRS89

## INVENTARIO

